

Martes, 12 de maio de 2020

Núm. 89

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Presupostos e cadros de persoal

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ARBO PARA O EXERCICIO 2020

ANUNCIO

Tras acordar a tramitación do expediente relativo ao Orzamento Municipal para o exercicio 2020, por entender que concorren as excepcións previstas na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ao tratarse o orzamento municipal do instrumento económico indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos, foi aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria telemática celebrada o día 07.05.2020, ao abeiro do artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, tras modificación operada polo RD Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o ORZAMENTO XERAL para o exercicio económico 2020, xunto co cadro de persoal e relación de postos de traballo, e demais anexos para dito exercicio.

En cumprimento do disposto no art. 169 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público a través do portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>), por prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 8CROEY61TZJOL0M

